Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

## DO-0202 Promoción das titulacións

# R2 DO-0202 Informe Anual de Promoción das titulacións do centro

**Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía**

**Curso académico: 2023/2024**

Aprobado en Comisión de Calidade o 22/10/2024

Vigo, a 22 de outubro de 2024

Guillermo García Lomba
Coordinador de Calidade

O obxectivo do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME) é establecer a sistemática que permita ao centro planificar, organizar e avaliar de forma adecuada as accións de divulgación da súa oferta formativa. Este Plan ten un carácter anual e ten como obxectivo fundamental o de ofrecer ao estudantado potencial información directa sobre as características das titulacións da EME.

Este Informe Anual de Promoción do Centro recolle o conxunto de accións realizadas durante o curso 2023/2024.

A persoa responsable do Plan de Promoción é a Subdirectora de Divulgación Científica e Captación de Alumnado do Centro, Raquel Pérez Orozco. As súas funcións son:

- Avaliación anual das actividades planificadas, recompilando e arquivando as evidencias xeradas á finalización do curso académico e que se resume neste documento, *Informe Anual de Promoción do Centro, Curso 2023/2024.* O devandito seguimento debe ser aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade e pola Xunta de Escola.
- Remitir á Comisión de Garantía de Calidade do centro a proposta do Plan de Promoción para o curso 2024/2025. Dita proposta debe ser aprobada pola devandita comisión así como pola Xunta de Escola ao inicio do curso académico.
- Distribuír as actividades de Promoción entre os membros da Comisión de Divulgación, o Equipo Directivo e o profesorado do centro.

# Informe da Coordinadora da Comisión de Divulgación das titulacións impartidas na EME

# CURSO 2023/2024

Seguindo a tendencia habitual dos cursos académicos previos á pandemia, no 2023/2024 a EME estivo presente en 94 centros educativos de educación secundaria, bacharelato e FP de Galicia grazas ás diferentes actividades de divulgación científica e promoción da oferta formativa do centro que organiza e nas que participa.

En setembro e decembro de 2023, a EME enviou cartas (en ANEXO I) a través de e-mail a todos os IES e Bacharelato da comunidade co fin de darlle visibilidade ás titulacións do centro:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Mestrado universitario en Enxeñaría de Minas
- Mestrado interuniversitario en Xestión Sostible da Auga.

Este Informe Anual do Plan de Promoción do curso 2023/2024 presenta a seguinte estrutura:

1. Actividades nas que os centros educativos ou público xeral visitan a EME
2. Actividades nas que persoal da EME visita os centros educativos
3. Participación en Feiras de Orientación Universitaria
4. Participación en outros eventos de divulgación científica
5. Proxecto “Olimpíada da Enerxía”
6. Recursos materiais de promoción e divulgación
7. Concursos organizados pola EME
8. Revista MATERIA PRIMA
9. Programa STEMBach
10. Redes sociais
11. MINERXÍA III, a revista da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
12. Accións de promoción das titulacións de Máster Universitario do centro
13. Valoración do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do curso 2023/2024.

# 1 Actividades nas que o centro educativo ou público xeral visita a EME

## 1.1 Obradoiro de Recoñecemento *de visu* de Minerais

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/coleccion-de-minerais-manuel-de-sas-de-la-encina/obradoiro-de-reconecemento-de-minerais/

A EME recibe centros que estean interesados en realizar un *"Obradoiro de recoñecemento de visu de minerais"*. Esta actividade ten unha duración de dúas horas; a primeira hora céntrase nunha exposición sobre as características e peculiaridades dos minerais, exposición denominada "*Mineral tales*" e a segunda céntrase no recoñecemento dun conxunto de 18 exemplares coa axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar a dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). O feito de que os centros visiten a EME, permite darlle visibilidade ás titulacións impartidas no centro. No curso 2023/2024, realizáronse 3 obradoiros de recoñecemento de minerais na EME (Táboa 1).

Táboa 1: Centros que visitaron a EME, realizando o obradoiro nas instalacións da escola.

| Data | Centro | Persoal da EME | Nivel alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|
| 03/11/2023 | IES O Castro (Vigo) | Teresa Rivas | 1º e 2º Bach | 21 |
| 17/11/2023 | IES Politécnico (Vigo) | Raquel Pérez | 1º Bach | 50 |
| 15/03/2024 | Compañía de María (Vigo) | Raquel Pérez | 1º Bach | 12 |

## 1.2 Aula Aberta á Tecnociencia

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/aula-aberta-a-tecnociencia/

A EME dispón da Aula Aberta á TecnoCiencia. Trátase dun espazo onde o centro solicitante, tras cita previa, realiza durante unha hora un módulo baseado en actividades manipulativas, de maneira que as persoas visitantes poidan aprender de xeito práctico conceptos relacionados con enerxía, materiais e medio ambiente. Actualmente os módulos que se imparten son:

- Módulo de combustión: "*May the fire be with you*"
- Módulo de xeotecnoloxías: topografía con realidade aumentada
- Módulo termografía infravermella: Visión infravermella: unha nova forma de contemplar o mundo
- Módulo de física: Física Re-Creativa
- Módulo de materiais: A febre dos materiais
- Módulo de enxeñaría do terreo: "*The Wall*"
- Módulo de intelixencia artificial : érase unha vez un mundo de datos
- Módulo de enxeñaría química: dende as fontes termais galegas ata o motor do coche.

Na Táboa 2 amósase a relación dos 14 centros que visitaron á Aula Aberta á TecnoCiencia durante o curso 2023/2024 xunto cos módulos realizados. En total participaron 405 alumnos/as.

Táboa 2: Centros que durante o curso 2023/2024 asistiron a algún módulo da Aula Aberta á

TecnoCiencia.

| Data | Centro | Módulo | Persoal da EME | Nivel do alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|---|
| 26/09/2023 | IES María Soliño (Cangas) | Física Re-Creativa<br>Termografía Infravermella | Benito Vázquez<br>Pablo del Río | 2º Bach | 13 |
| 02/11/2023 | IES Luis Seoane (Pontevedra) | Materiais Intelixentes | Andrés Cristóbal | ESO | 20 |
| 14/11/2023 | Colegio Andersen (Vigo) | Física Re-Creativa<br>Materiais Intelixentes | Benito Vázquez<br>María Pazo | 3º e 4º ESO | 20 |
| 17/11/2023 | IES Politécnico (Vigo) | Termografía Infravermella<br>Intelixencia Artificial | Daniel Lamas,<br>Francisco García<br>Raquel Pérez | 1º Bach | 50 |
| 29/11/2023 | Colegio Vigo (Redondela) | Combustión | Raquel Pérez | 2º Bach | 20 |
| 18/12/2023 | IES As Bizocas (O Grove) | Enx. Química<br>Materiais Intelixentes | Francisco Deive<br>María Pazo | 3º ESO | 43 |
| 09/01/2024 | IES Beade (Vigo) | Enx. Química<br>The Wall | Salomé Álvarez<br>María Araújo | 1º Bach | 20 |
| 10/01/2024 | IES Porto do Son (Porto do Son) | Combustión | José Domingo Moya | 4º ESO | 17 |
| 17/01/2024 | Colexio Miralba – Jesuitinas (Vigo) | Combustión<br>Intelixencia Artificial | José Domingo Moya<br>Moisés Cordeiro | 1º e 2º Bach | 41 |
| 25/01/2024 | IES Terra de Soneira (Vimianzo) | Física Re-Creativa<br>Combustión<br>Materiais Intelixentes | Benito Vázquez<br>José Domingo Moya<br>Andrés Cristóbal | 1º Bach | 13 |
| 19/02/2024 | Colexio Sagrado Corazón de Placeres (Pontevedra) | Termografía Infravermella<br>Materiais Intelixentes | Daniel Lamas<br>Borja Barreiro | 3º e 4º ESO | 25 |
| 23/02/2024 | IES Coruxo (Vigo) | Enx. Química<br>Combustión | Salomé Álvarez<br>José Domingo Moya | 3º ESO | 56 |
| 15/03/2024 | Compañía de María (Vigo) | Termografía Infravermella | Gabriel Suárez | 1º Bach | 12 |
| 16/05/2024 | IES A Xunqueira II (Pontevedra) | Combustión<br>Intelixencia Artificial | José Domingo Moya<br>Moisés Cordeiro | 4º ESO | 55 |




Figura 1: Folleto informativo das actividades do Aula Aberta á Tecnociencia

## 1.3 Portas abertas nos laboratorios da EME

Os centros de educación primaria e secundaria tamén poden visitar a Escola para visitar os diferentes laboratorios de investigación. Este curso 2023/2024, acudiu ás xornadas de portas abertas 1 IES cun total de 26 alumnos e alumnas.

Táboa 3: Centros que durante o curso 2023/2024 realziaron Visitas de Portas Abertas na EME

| Data | Centro | Actividade | Persoal da EME | Nivel do alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|---|
| 04/12/2023 | IES Indalecio Pérez Tizón (Tui) | Ciencia de Materiais<br>Laboratorio de Conservación de Patrimonio GESSMIN<br>Laboratorio de Combustión GTE | Carmen Mariño<br>Laura Andrés<br>Javier López | 1º e 2º Bach | 26 |

## 1.4 Visitas á EME para recibir información sobre a oferta formativa do centro (graos)

En colaboración co SIE (Servizo de Información ao Estudantado da UVIGO), 25 centros de ensinanza visitaron a EME para recibir información sobre os graos impartidos na Escola (Táboa 4) cun total de 463 alumnos e alumnas.

Táboa 4: Sesións informativas sobre os graos impartidas na EME no curso 2023/2024.

| Data | Centro | Persoal da EME | Nivel do alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|
| 24/11/2023 | Colexio Los Sauces | María Araújo | 1º Bach | 15 |
| 18/12/2023 | IES Félix Muriel | Raquel Pérez | 1º e 2º Bach | 7 |
| 17/01/2024 | IES Politécnico de Vigo | Francisco Deive | 2º Bach | 25 |
| 18/01/2024 | IES Primeiro de marzo | Raquel Pérez | 1º Bach | 14 |
| 21/02/2024 | IES Coruxo | Raquel Pérez | 1º Bach | 21 |
| 21/02/2024 | IES A Guía | Raquel Pérez | 2º Bach | 10 |
| 21/02/2024 | IES As Barxas | Raquel Pérez | 4º ESO | 13 |
| 22/02/2024 | IES Politécnico de Vigo | María Araújo | 1º Bach | 20 |
| 22/02/2024 | Colexio Los Sauces | María Araújo | 2º Bach | 20 |
| 27/02/2024 | IES Valga | Raquel Pérez | 1º e 2º Bach | 4 |
| 27/02/2024 | IES Castelao | Raquel Pérez | 2º Bach | 23 |
| 28/02/2024 | Colexio Marcote Mondariz | Raquel Pérez | 1º e 2º Bach | 40 |
| 06/03/2024 | IES Santo Tomé de Freixeiro | Raquel Pérez | 2º Bach | 28 |
| 07/03/2024 | IES do Castro | Raquel Pérez | 2º Bach | 26 |
| 07/03/2024 | IES Ribeira do Louro | Raquel Pérez | 2º Bach | 4 |
| 11/03/2024 | IES Val Miñor | Raquel Pérez | 1º Bach | 20 |
| 15/03/2024 | IES da Cañiza | Raquel Pérez | 1º e 2º Bach | 13 |
| 18/03/2024 | IES Rodeira | Raquel Pérez | 2º Bach | 35 |
| 18/03/2024 | IES Paralaia | Raquel Pérez | 2º Bach | 5 |
| 22/03/2024 | Colexio Amor de Dios | Francisco Deive | 2º Bach | 10 |
| 11/04/2024 | IES San Paio | Raquel Pérez | 1º Bach | 24 |
| 11/04/2024 | IES Pazo da Mercé | Raquel Pérez | 1º e 2º Bach | 12 |
| 17/04/2024 | IES Illa de Tambo | Raquel Pérez | 4º ESO | 19 |
| 30/04/2024 | IES A Basella | Raquel Pérez | 1º Bach | 15 |
| 02/05/2024 | IES Santo Tomé de Freixeiro | Raquel Pérez | 1º Bach | 19 |
| 07/05/2024 | Campus Spain | Raquel Pérez | Preuniversitario | 12 |
| 14/05/2024 | Colexio Divino Salvador | Raquel Pérez | 4º ESO | 9 |

# 2 Actividades nas que persoal da EME visita os centros educativos

## 2.1 Conferencias de divulgación científica e/ou tecnolóxica e sesións informativas sobre a oferta formativa do centro

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/conferencias-tematicas/

Os centros de educación primaria, secundaria e bacharelato poden solicitar á EME calquera das conferencias ofertadas, de maneira que un/unha profesor/a da EME, acompañado/a nalgúns casos dun ou dunha estudante dos últimos cursos dos graos, se despraza ao centro interesado. Durante unha hora realízase a exposición sobre o tema solicitado. Para facer máis interesante a exposición, a persoa docente tenta acompañar a súa exposición con actividades manipulativas. En todas as actividades faise referencia ás titulacións da EME, especialmente aos graos. Ademais, os centros poden solicitar unha conferencia non ofertada sempre e cando estea relacionada con enerxía, materiais, minería e medio ambiente. As conferencias impartidas no curso 2023/2024 foron:

A) Sesións informativas sobre a oferta formativa do centro (nivel grao, duración: 20 minutos)

— Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos

— Grao en Enxeñaría da Enerxía

B) Conferencias temáticas (duración: 50 minutos)

— Materiais intelixentes e outras aplicacións

— Física Re-Creativa: http://www.clickonphysics.es/

— Recursos minerais en Galicia e España

— As materias primas minerais na transición enerxética

— Aplicacións da termografía infravermella no campo dos recursos naturais e medio ambiente

— Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros

— Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras

— Conservación do *street art* (dirixida a estudantes de química, ciencias da terra e xeoloxía)

— ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?

— Minaría espacial

— A chispa azul: a enerxía do mar

— A muller na enxeñaría

— O cambio climático: mitos e realidades dende unha visión positiva.


Un total de 54 centros solicitaron que o persoal da EME os visitase e concretamente 64 conferencias foron impartidas e chegouse a 2832 estudantes de educación secundaria e bacharelato. As conferencias realizadas polo persoal da EME en centros de educación secundaria e bacharelato durante o curso 2023/2024 recóllense na Táboa 5.

Táboa 5: Conferencias impartidas en centros de primaria, secundaria e bacharelato

| Data | Centro | Conferencia | Persoal da EME | Nivel do alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|---|
| 28/09/2023 | IES Castelao (Vigo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º Bach | 75 |
| 27/10/2023 | IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa) | Intelixencia Artificial | Iago Villarino; Jesus Rico; Javier López; Moisés Cordeiro e Raquel Pérez | 1º e 2º ESO | 275 |
| 06/11/2023 | IES Castelao (Vigo) | Intelixencia Artificial | Moisés Cordeiro | 1º Bach | 56 |
| 09/11/2023 | Compañía de María (Vigo) | Intelixencia Artificial | Raquel Pérez | 1º Bach | 10 |
| 10/11/2023 | Colegio Vigo (Redondela) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º Bach | 15 |
| 20/11/2023 | Colexio Concepción Arenal (Ourense) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Física Re-Creativa - Luz e Cor | 4º ESO | 35 |
| 21/11/2023 | IES Indalecio Pérez Tizón (Tui) | Sustentabilidade na explotación de recursos mineiros | Elena Alonso | 1º e 2º Bach | 26 |
| 23/11/2023 | IES Castelao (Vigo) | Materiais Intelixentes | Andrés Cristóbal | 1º e 2º Bach | 35 |
| 27/11/2023 | Compañía de María (Vigo) | Mineria Espacial | María Araújo | 1º Bach | 10 |
| 29/11/2023 | IES A Xunqueira II (Pontevedra) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 3º ESO | 130 |
| 30/11/2023 | IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 4º ESO | 55 |
| 15/12/2023 | IES 12 Outubro (Ourense) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 2º Bach | 19 |
| 21/12/2023 | IES Ponte Caldelas (Ponte Caldelas) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º e 2º Bach | 32 |
| 08/01/2024 | CPR Tirso de Molina (Ferrol) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 30 |
| 08/01/2024 | IES Moncho Valcárcel (As Pontes) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 44 |
| 09/01/2024 | IES Isaac Díaz Pardo (Sada) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 35 |
| 10/01/2024 | IES Fene (Fene) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 48 |
| 11/01/2024 | IES Saturnino Montojo (Ferrol) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 60 |
| 11/01/2024 | IES As Telleiras (Narón) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 30 |
| 11/01/2024 | IES As Mariñas (Betanzos) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 35 |
| 12/01/2024 | IES Plurilingüe Ames (Ames-Bertamiráns) | Física Re-Creativa: Difracción e Espectroscopía | Benito Vázquez | 1º e 2º Bach | 76 |
| 12/01/2024 | IES Canido (Ferrol) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 28 |
| 15/01/2024 | CPI Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea) | Oferta formativa Graos | Raquel Pérez | 3º e 4º ESO | 39 |
| 17/01/2024 | Colexio Santiago Apóstol (Ponteareas) | Oferta formativa Graos | Raquel Pérez | 4º ESO | 44 |
| 17/01/2024 | IES Marco do Camballón (Vila de Cruces) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º Bach | 12 |
| 17/01/2024 | Colexio Amor de Deus (Vigo) | Intelixencia Artificial | Raquel Pérez | 1º e 2º Bach | 90 |
| 18/01/2024 | IES Primeiro de marzo (Baiona) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 2º Bach | 23 |
| 19/01/2024 | IES Ramón Cabanillas | Física Re-Creativa - Luz e | Benito Vázquez | 2º Bach | 25 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | (Cambados) | Cor | | | |
| 24/01/2024 | IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º Bacharelato | 24 |
| 25/01/2024 | IES Pazo da Mercé (As Neves) | A Chispa Azul | Carlos Pérez | 3º ESO | 26 |
| 08/02/2024 | Colexio Pablo VI (A Rúa (Ourense)) | Oferta formativa Graos | Raquel Pérez | 4º ESO - 1º e 2º Bach | 47 |
| 15/02/2024 | IES Plurilingüe Pintor Colmeiro (Silleda) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 4º ESO e 1ºBach | 22 |
| 16/02/2024 | IES Valle-Inclán (Pontevedra) | Importancia de materias primas minerais na transición enerxética | Elena Alonso | 1º e 2º Bach | 50 |
| 29/02/2024 | Colexio Plurilingüe María Auxiliadora (Vigo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 4º ESO | 50 |
| 15/03/2024 | IES Politécnico (Vigo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 2º Bach | 30 |
| 18/03/2024 | Colexio Amor de Deus (Vigo) | Muller e Enxeñaría | Raquel Pérez | 3º e 41 ESO, 1º e 2º Bach | 240 |
| 20/03/2024 | IES Valadares (Vigo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 4º ESO | 110 |
| 20/03/2024 | IES Coruxo (Vigo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 2º Bach | 13 |
| 21/03/2024 | IES Castelao (Vigo) | Materias primas minerais na transición enerxética. | Elena Alonso | 1º Bach | 73 |
| 22/03/2024 | IES A Sangriña (Vigo) | Óptica Xeométrica | Benito Vázquez | 1º e 2º Bach | 80 |
| 03/04/2024 | IES A Xunqueira II (Pontevedra) | Óptica Xeométrica | Benito Vázquez | 2º Bach | 23 |
| 05/04/2024 | IES Breamo (Pontedeume) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 70 |
| 05/04/2024 | Colexio POSSUMUS (Vigo) | Intelixencia Artificial | Javier López | 3º e 4º ESO | 40 |
| 10/04/2024 | IES Santa Irene (Vigo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º e 2º Bach | 90 |
| 15/04/2024 | IES Mosteirón (Sada -A Coruña) | Intelixencia Artificial | Ana Larrañaga | 4º ESO | 21 |
| 24/04/2024 | IES Lucus Augusti (Lugo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º Bach | 11 |
| 26/04/2024 | IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia) | Intelixencia Artificial | Raquel Pérez | 4º ESO e 1º Bach | 45 |
| 30/04/2024 | CPR Santiago Apóstol - Soutomaior (Soutomaior) | Oferta formativa Graos | Francisco Deive | 1º e 2º Bach | 48 |
| 10/05/2024 | IES Carlos Casares (Vigo) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º Bach e 4º ESO | 20 |
| 10/05/2024 | Indalecio Pérez Tizón (Tui) | Muller e Enxeñaría | Raquel Pérez | 4º ESO, 1º e 2º Bach | 83 |
| 14/05/2024 | Colegio LABOR (Vigo) | Intelixencia Artificial | Javier López | 3º ESO | 50 |
| 16/05/2024 | Escolas Rosalía de Castro (Vigo) | Física Re-creativa: Difracción e Espectroscopía | Benito Vázquez | 2º Bach | 22 |
| 21/05/2024 | IES Ribeira do Louro (O Porriño) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 4º ESO, 1º Bach | 62 |
| 24/05/2024 | IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 1º Bach | 20 |
| 28/05/2024 | IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño) | Física Re-Creativa - Luz e Cor | Benito Vázquez | 3º-4º ESO | 70 |








Figura 2: Conferencias temáticas en diversos centros. A: IES Castelao (Materiais Intelixentes). B: IES Castelao (Física Re-Creativa). C: IES Castro Alobre (Intelixencia Artificial. Actividade enmarcada na Semana da Ciencia en Galego).

## 2.2 Obradoiro de Recoñecemento *de visu* de Minerais

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/coleccion-de-minerais-manuel-de-sas-de-la-encina/obradoiro-de-reconecemento-de-minerais/

Tamén é posible impartir o "Obradoiro de recoñecemento *de visu* de minerais" directamente no centro de ensino. Neste caso, a actividade ten unha duración aproximada de unha hora, de xeito que se repasan as características e peculiaridades dos minerais en xeral e posteriormente, se leva a cabo a identificación de 3 exemplares axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar a dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). Trátase dunha das actividades de maior demanda de entre as ofertadas pola EME. No curso 2023/2024, realizáronse 6 obradoiros de recoñecemento de minerais fóra da EME (Táboa 6).

Táboa 6: Centros educativos nos que se realizou o obradoiro de recoñecemento de minerais

| Data | Centro | Persoal da EME | Nivel alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|
| 24/11/2023 | IES Lamas de Abade (Santiago de Compostela) | Laura Andrés e Raquel Pérez | 1º ESO | 72 |
| 19/12/2023 | CPI Vedra (Vedra) | Santiago Pozo e Iago Villarino | 1º ESO | 53 |
| 23/01/2024 | Colexio Santiago Apóstol (Ponteareas) | Teresa Rivas e Laura Andrés | 4º ESO | 25 |
| 02/02/2024 | EPAPU Nelson Mandela (A Lama) | Santiago Pozo e Teresa Rivas | 1º e 2º Bach | 15 |
| 21/02/2024 | Colexio Juan Sebastián Elcano (Pontevedra) | Santiago Pozo | 1º ESO | 10 |
| 22/05/2024 | Colexio Pablo VI (A Rúa) | Raquel Pérez | 1º e 2º ESO | 25 |





Figura 3: Obradoiro de recoñecemento de minerais que se organizou nas instalacións dos centros educativos a) IES Lamas de Abade e b) Colexio Pablo VI.

## 2.3 Exposición Itinerante

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/exposicion-itinerante/

A EME ofrece a posibilidade de enviar ao centro interesado unha exposición de carácter didáctico que versa sobre os principais *Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais*. Nesta exposición descríbense os recursos enerxéticos e mineiros de Galicia e faise unha breve descrición técnica de como é o seu aproveitamento. Ademais recóllese información sobre as fontes de enerxía alternativas como a hidráulica, eólica, xeotermia, solar e biomasa. Móstrase a importancia dos materiais no ámbito industrial automobilístico e a reciclaxe dos mesmos. A exposición consta de cinco *banners* con soporte autoportante, de fácil montaxe e coa posibilidade de colocación en espazos reducidos. O tempo de concesión é de aproximadamente 2 semanas. Disponse de tres exemplares e como se recolle na Táboa 7, a exposición estivo en 8 centros no curso 2023/2024.

Táboa 7: Centros nos cales estivo localizada a exposición itinerante durante o curso 2023/2024.

| Centro | Datas |
|---|---|
| IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa) | 30/10/2023 - 12/11/2023 |
| IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo) | 06/11/2023 - 17/11/2023 |
| IES Indalecio Pérez Tizón (Tui) | 21/11/2023 - 04/12/2023 |
| IES Valle-Inclán (Pontevedra) | 27/11/2023 - 12/12/2023 |
| Colexio Vigo (Redondela) | 10/01/2024 - 22/01/2024 |
| Colexio Amor de Deus (Vigo) | 09/01/2024 - 16/01/2024 |
| Colexio San José de Cluny (Santiago de Compostela) | 01/04/2024 - 12/04/2024 |
| Colexio Pablo VI (A Rúa) | 20/05/2024 - 30/05/2024 |




Figura 4: Paneis constituíntes da exposición itinerante.

# 3 Participación en Feiras de Orientación Universitaria

A EME, neste curso 2023/2024, participou en 5 Feiras de Orientación Universitaria, indicadas na Táboa 8. Como número xeral de persoas asistentes aos *stands* da EME pódese indicar 1100 asistentes.

Táboa 8: Feiras de Educación nas que participou a EME no curso 2023/2024

| Data | Feira científica | Persoal da EME | Nivel do alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|
| 04/10/2023 | EDUGAL. Feira de orientación universitaria | Raquel Pérez<br>Mateo Salgado<br>Romina Pacini<br>Luiz Marcelino | ESO, Bacharelato e ciclos formativos | 300 |
| 05/10/2023 | EDUGAL. Feira de orientación universitaria | Manuel Fernández<br>Andrés Cristóbal<br>Javier López<br>Moisés Cordeiro | ESO, Bacharelato e ciclos formativos | 300 |
| 06/10/2023 | EDUGAL. Feira de orientación universitaria | Raquel Pérez<br>Borja Barreiro | ESO, Bacharelato e ciclos formativos | 200 |
| 26/01/2024 | InnovAmes | Raquel Pérez | ESO, Bacharelato e ciclos formativos | 150 |
| 30/01/2024 | Xornadas de Orientación Universitaria (Universidade de Vigo) | Andrés Cristóbal<br>Mauel Fernández<br>Iago Villarino | Alumnado preuniversitario | 150 |




Figura 5: Participación en EDUGAL 2023. A) A. Cristóbal realizando un ensaio de compresión. B) A. Fernández no stand da EEME. C) R. Pacini, M. Salgado e L. Marcelino explicando que se estuda na EME a un asistente ao evento.

# 4 Participación noutros eventos de divulgación científica

## 4.1 Salón da Enerxía ENERXÉTIKA

A Escola participou na feira, celebrada no Recinto Feiral Internacional de Galicia ABANCA (Silleda), cun *stand* propio atendido por Elena Alonso, Borja Barreiro, Raquel Pérez, Iago Villarino e Francisco Rodríguez.




Figura 6: *Stand* da EME no Salón ENERXÉTIKA

## 4.2 Expo-feiras científicas "A ciencia que vén"

A Escola participou na expofeira científica "A Ciencia que vén", organizada dentro do plan de actividades de divulgación "Ciencia de Ida e Volta" para o ano 2024, organizado pola Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo. O evento, celebrado o 31 de maio no Edificio Redeiras, contou cun *stand* da EEME e coa presenza dos investigadores Moisés Cordeiro e David García.

Táboa 9: Participación en expofeiras científicas.

| Data | Destinatarios | Actividade | Persoal da EME | Nivel do alumnado | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|---|
| 31/05/2024 | CEIP Froebel CEIP Barcelos | Termografía infravermella e eficiencia enerxética. Expofeira "A Ciencia que vén" | Moisés Cordeiro David García | Primaria | 150 |
| 31/05/2024 | Público en xeral | Termografía infravermella e eficiencia enerxética. Expofeira "A Ciencia que vén" | Moisés Cordeiro David García | Público en xeral | 200 |




Figura 7: D. García (esquda.) e M. Cordeiro (centro) no *stand* da expofeira "A ciencia que vén".

## 4.3 Noite Europea das Persoas Investigadoras

A Escola participou nas actividades que se realizaron na Noite Europea das Persoas Investigadoras o 29 de setembro de 2023, actividade organizada pola Unidade de Cultura Científica da UVIGO. Profesorado da Escola participou nas seguintes actividades:

— **Ciencia no Bar** (en Vigo)

- Ana Larrañaga: *"En busca do dato perdido: descifrando o código dunha científica de datos"*

— **Expo-feira científica** (Edificio Redeiras – Vigo)

- María Pazo e Xurxo Rigueira, co *stand* "*A febre dos Materiais*"
- Javier López e Moisés Cordeiro, co *stand*: "*Termografía Infravermella*"

— **Obradoiros en centros escolares**: Benito Vazquez (Física Re-creativa).

## 4.4 Participación en Feiras de minerais

A EME encargouse de organizar os seminarios de recoñecemento de visu de minerais en feiras de minerais ás cales asisten público en xeral e alumnado dos centros educativos da contorna. (Táboa 10). Estímase unha interacción con 200 alumnos e alumnas de centros de primaria e secundaria.

Táboa 10: Feiras de minerais nas que o persoal da EME participou organizando o seminario de recoñecemento de minerais *de visu*.

| Data | Feira | Persoal da EME | Nivel del alumando | Nº de asistentes |
|---|---|---|---|---|
| 29/02/2024 | X Feira de Minerais en Santiago de Compostela | Elena Alonso<br>Borja Barreiro<br>Iago Villarino<br>Laura Andrés | Primaria, secundaria e Bacharelato | 300 |
| 01/03/2024 | X Feira de Minerais en Santiago de Compostela | Borja Barreiro<br>iago Villarino<br>Iria Feijoó<br>Carmen Mariño | Primaria, secundaria e Bacharelato | 300 |
| 03/05/2024 | Feira de Minerais de Guláns (Ponteareas) | Borja Barreiro<br>Iago Villarino<br>Raquel Pérez | Primaria e secundaria | 150 |

## 4.5 Día da Muller e da Nena na Ciencia

O día 8 de febreiro celebrouse o *Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia*. Un día que ten coma obxectivo amosar a presenza ou falta de mulleres no ámbito científico-tecnolóxico. O Enlace de Igualdade da EME, a profesora G. Fernández, xunto coa Unidade de Igualdade e a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo organizaron este ano novamente a Xornada "Elas Fan CienTech". O evento consiste na realización dunha serie de actividades e obradoiros nos que participaron 40 nenas do IES de Mos (Figura 8).

Durante esa mañá participaron na xincana: *"The She-ience games: Catching Fire"* (organizada pola investigadora A. Larrañaga) onde despois de amosarlles diferentes experimentos de combustión, por equipos tiveron que resolver un "rosco" de preguntas sobre o tema.

Outra das actividades foi *"The Wall"* (organizada pola profesora da EME M. Araújo), onde aprenderon os conceptos básicos de fricción e agarre para conseguir construír unha parede de area empregando diferentes materiais estruturais. As rapazas divididas en varios equipos competían entre elas co fin de construír un muro o máis resistente posible.

Finalmente, mediante o obradoiro de *"Recoñecemento de minerais de visu"* dirixida por I. Feijoó, T. Rivas e C. Martínez, as alumnas aprenderon aspectos relacionados coa mineraloxía, véndose inmersas nun concurso para identificar a maior cantidade de minerais posibles atendendo ao estudo das súas propiedades físicas.






Figura 8: Actividade desenvolvida durante o Día internacional da nena e da ciencia o 8 de febreiro.

## 4.6 Olimpíada de Xeoloxía 2024

O 7 de febreiro do 2024 celebrouse na EME a XV Olimpíada de Xeoloxía. Nesta edición participaron 78 estudantes de ESO e Bacharelato de 10 centros educativos da provincia de Pontevedra (CPI Cova Terreña, IES Sampaio, IES Beade, IES Soutomaior, IES de Teis, IES Terra de Turonio, IES Politécnico de Vigo, IES Primeiro de Marzo, IES Ribeira do Louro e IES Salvaterra do Miño). A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa que pretende:

- Fomentar o interese polos contidos propios da Xeoloxía e do conxunto das Ciencias da Terra
- Animar ao alumnado participante a comezar estudos universitarios relacionados coa Xeoloxía
- Destacar a importancia dos coñecementos en Xeoloxía para: (i) a preservación do medio natural, (ii) a xestión racional dos recursos e (iii) a adopción de medidas ante impactos e riscos xeolóxicos.

Esta actividade é organizada pola AEPECT (*"Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra"*) e o *"Colegio Oficial de Geólogos"* e a EME colabora no seu desenvolvemento dende 2011. Ao longo do día o alumnado participante enfrontouse a un exame teórico e unha proba práctica, unha xincana xeolóxica, que se realizou no Monte da Guía. Pola tarde, a EME organizou unha serie de obradoiros relacionados con diferentes ámbitos nos que o coñecemento da Xeoloxía é un recurso necesario, que foron:

- "*Intelixencia Artificial para o recoñecemento de minerais*" (M. Cordeiro)
- "*Elaboración de pinturas: os minerais coma testemuñas da historia*" (C. Martínez e R. Pérez)




Figura 9: Imaxes da xornada de celebración da Olimpiada de Xeoloxía en 2024.

## 4.7 Foro Tecnolóxico de Emprego

Dende o 5 ao 7 de marzo de 2024 tivo lugar a XXIV edición do Foro Tecnolóxico de Emprego. Este evento é organizado polas Delegacións de Alumnado das tres escolas de enxeñaría da UVigo: Telecomunicacións, Minas e Enerxía e Industriais. Está pensado para axudar ao estudantado a ter o primeiro contacto cos responsables de RRHH de numerosas empresas do sector tecnolóxico e da enxeñaría.

Nesta edición, coma cada ano, algúns dos nosos estudantes participaron no equipo de organización así coma nos equipos de colaboración.

Este ano participaron máis de 40 empresas do sector, impartíronse 15 conferencias e 13 *workshops*.

# 5 Concesión do proxecto FECYT "Olimpíada da Enerxía"

Solicitouse o proxecto *"Olimpiada de la Energía"* á convocatoria "*AYUDAS POR LA FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA F.S.P., EN RÉGIMEN DE CONCURRENCIA COMPETITIVA, PARA EL FOMENTO DE LA CULTURA CIENTÍFICA, TECNOLÓGICA Y DE LA INNOVACIÓN 2023*" e foi concedido. No proxecto participan Elena Alonso (Coordinadora), Salomé Álvarez, María Araújo, Marta Cabeza, Moisés Cordeiro, Francisco Deive, Asunción Longo, Iago Pozo, David Patiño, Raquel Pérez, Ana Rodríguez, Miguel Rodríguez e Benito Vázquez e desenvolverase entre o 1 de xullo de 2024 e 1 de xullo de 2025.

# 6 Material e outros recursos materiais de promoción e divulgación

Na Táboa 11 reflíctese a impresión de folletos informativos sobre as titulacións da EME e a contribución á prensa escrita mediante a redacción de artigos asinados principalmente pola directora da EME nos que se recolle a necesidade de profesionais dedicados á xestión sostible de recursos minerais e enerxéticos.

Táboa 11: Recursos materiais elaborados este ano co obxectivo de promocionar as titulacións da EME

| Material | Responsable | Descrición | Canles de difusión | Data |
|---|---|---|---|---|
| Carteis e trípticos dos graos | Coordinadora Comisión Divulgación | Carteis e trípticos con información sobre os Graos da Escola e a Aula Aberta á Tecnociencia | Entrega aos participantes nas actividades de difusión. Envío a centros de ESO e Bacharelato | Ao longo do curso |
| *Merchandising* | Coordinadora Comisión Divulgación | Material de obsequio (bolsas, lanternas, sets escritura, cubre cámaras…) | Entrega aos participantes durante as actividades de difusión | Ao longo do curso |
| Notas en prensa | Dirección da EME | Anuncios no Faro de Vigo, La Voz de Galicia e no DUVI | Faro de Vigo, La Voz de Galicia e DUVI | Diversas novas xeradas en torno a proxectos e concursos |
| *Facebook* | Coordinadora Comisión Divulgación | Rede social de comunicación/información | | Ao longo do curso |
| *Linkedin* | | Rede social de comunicación/información | | Ao longo do curso |
| *Instagram* | | Rede social de comunicación/información | | Ao longo do curso |
| *Canal Youtube* | | Rede social de comunicación/información | | Ao longo do curso |
| Twitter | | Rede social de comunicación/información | | Ao longo do curso |

# 7 Concursos

Ademais, a EME convocou unha serie de concursos para dar a coñecer temáticas relacionadas coas saídas profesionais das titulacións. A publicidade destes concursos realizouse a través das redes sociais, web, *e-mails* e cartas aos centros (ver ANEXO I).

## 7.1 ENFOCA.RME 2023

O 29 de novembro de 2023 tivo lugar na EME a entrega de premios dos concursos Enfoca_RME 2023 e Contos para a EME 2023. Con respecto ao concurso fotográfico recibíronse máis de 69 fotografías candidatas.

A fotografía gañadora foi *"Paisaje de la industria del yeso II"* realizada por J. Martínez Bravo.



Figura 10: J. Martínez Bravo, *"Paisaje de la industria del yeso II"*, 1º premio Enfoca.RME 2023.

O segundo premio recibiuno R. Pereira Castrillón, estudante do Grao en Enxeñaría da Enerxía, pola obra "Rotopala II":



Figura 11: R. Pereira Castrillón, "Rotopala II", 2º premio Enfoca.RME 2023.

## 7.2 CONTOS PARA A EME 2023

Por outro lado, co gallo da celebración do día internacional da Muller na Enxeñaría (23 de xuño) e na Minería (15 de xuño), volveu abrirse o concurso de microrrelato, organizado polo Enlace de Igualdade do centro, G. Fernández.

Trátase dun concurso de microrrelato, de entre 200 e 300 palabras, cuxa frase inicial é *"Cando ela nos dixo que ía estudar Enxeñaría na Escola de Minas e Enerxía..."*. Nesta primeira edición recibíronse máis de 50 textos orixinais en ambos idiomas, galego e castelán.

Nesta segunda edición resultou gañador na categoría de alumnado de bacharelato ou FP o relato titulado "Luz Mineral" de I. Combo García (Colexio La Salle, Santiago de Compostela), mentres que M. Jorge Cabaleiro (IES Castelao, Vigo) levou o accésit nesta categoría co título "Fogar". J. Zubimendi Sánchez-Ocaña coa obra "Sen título" foi o galardoado co premio ao mellor relato na categoría de alumnado de Grao ou Máster da Universidade de Vigo, acompañado polo accésit de D. Costas Moyano concedido ao seu relato "Orus".




Figura 12: Cartaz do concurso de microrrelato "Contos para a EME 2023".

## 7.3 MULLE.RME 2024

Este concurso organizouse co Enlace de Igualdade na EME, Generosa Fernández Manín. Trátase dun concurso de fotografía co obxectivo dar visibilidade á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas, materiais e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. Presentáronse 19 fotografías. O 8 de marzo tivo lugar a entrega de premios do concurso fotográfico Mulle_RME 2024. As fotografías gañadoras foron:

- 1º Premio: "O Comezo", de A. Berrocal.

Recolleu o premio de forma presencial a protagonista da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: "*Ela, concentrada, segura de si mesma, feliz, deu comezo o seu traballo con orgullo... entre aquelas rochas atravesaría nun futuro a alta velocidade, infinitas viaxes, milleiros de vidas e soños por cumprir. O comezo dunha gran obra, o afianzamento da súa carreira profesional, o incremento da súa experiencia nun mundo principalmente masculino. Ela tivo a oportunidade, ela se sacrificou, loitou ata o cansazo baixo as montañas, conseguiu que finalmente a respectaran e consideraran as súas decisións e propostas técnicas. Ela, é a única que sabe o duro que foi o traxecto, mais tamén que*

*todo mereceu a pena*".





Figura 13: A. Berrocal, "O Comezo", 1º premio Mulle.RME 2024.

- 2º Premio: *"Rostros detrás de la investigación"*, de A. Franco.

Recolleu o premio de forma presencial a protagonista da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: *"Cada vez son más las mujeres que se implican en el campo de la investigación, aportando perspectivas e ideas únicas que nos permiten abordar nuevos desafíos contribuyendo así al bienestar y la equidad en nuestra sociedad"*.



Figura 14: A. Franco Sandinha, *"Rostros detrás de la investigación"*, 2º premio Mulle.RME 2024.

- Accésit: *"Destrucción controlada"*, de C.Martínez.

Recolleu o premio C. Pérez en nome da galardoada. A descrición da foto é a seguinte: "O *traballo trátase de destruír para coñecer, romper para conservar. Estudar e ver cos propio ollos o que lle sucede ao aceiro dentro do formigón, para impedir que nun futuro as estruturas se deterioren*".



Figura 15: C. Mariño Martínez, *"Destrucción controlada"*, Accésit Mulle.RME 2024.

# 8 Revista MATERIA PRIMA

No curso 2023/2024 editouse o segundo volume do boletín MATERIA PRIMA, confeccionado polo profesor da EME E. Liz, acompañado de I. Villarino. Este curso, os números publicados foron lanzados a finais de cada cuadrimestre, facéndoos coincidir con dúas datas representativas para a comunidade vinculada á EME:

- Número 5 (vol. 2, nº 1): Santa Bárbara (4 decembro de 2023)
- Número 6 (vol. 2, nº 2): Día Mundial da Muller na Enxeñaría (23 de xuño de 2024).

Todos os números da revista están dispoñibles na páxina web da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía: https://minaseenerxia.uvigo.es/estudantes/vida-na-escola/revistas/




Figura 16: Recortes dos dous números do segundo volume da revista Materia Prima.

# 9 STEMBach

Ao longo do curso 2023/2024 o centro participou no programa STEMBach cos seguintes proxectos e IES. Indícanse a continuación os centros e o profesorado da EME que titoriza os traballos ao longo do curso. Os estudantes do bienio 2022/2024 presentaron os seus traballos no curso 2023/2024.

- IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña); Bienio 2022/2024; David Patiño, Jesús Rico e Raquel Pérez (4 estudantes).
- IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo); Bienio 2022/2024; Teresa Rivas (1 estudante).
- IES Valadares; Bienio 2022/2024; Iago Pozo (1 estudante).
- IES República Orienta de Uruguai; Bienio 2021/23; Francisco Deive (1 estudante).
- IES Aquis Celenis (Caldas de Reis); Bienio 2022/2024; Francisco Deive, Ana Rodríguez e Asunción Longo (1 estudante).
- IES Johan Carballeira de Bueu; Bienio 2021/23; Raquel Pérez e David Patiño (4 estudantes).

# 10 Redes sociais

As redes sociais en activo son:

- *Instagram*: https://www.instagram.com/Escuelaminasyenergiavigo/?hl=es
  cun total de 1428 seguidores.
- *Facebook:* https://www.facebook.com/Escuelaminasyenergiavigo/
  cun total de 877 seguidores.
- *LinkedIn:* https://www.linkedin.com/organization-guest/company/Escuela-de-ingenier%C3%ADa-de-minas-e-energ%C3%ADa?challengeId=AQF2RXEsCmo7BAAAAXNjQgwfgmacYVvznXRNLQD934_wmfaXbK1S4LhQHGpB1OchyO-lSCwYce_7H9W8YHz5JqM8gyPB374dKA&submissionId=eb3f2582-4eed-2216-b7e7-d108fccf7a4d
  cun total de 1115 seguidores.
- *Twitter:* https://twitter.com/eme_vigo?lang=es
  cun total de 480 seguidores.
- *YouTube:* https://www.youtube.com/channel/UC0-4jP2KBPwuMBBuSbBP5hg
  cun total de 66 subscritores.

# 11 MINERXÍA vol. 3 (bienio 2022-2024)

Seguindo a estela dos números anteriores, estase traballando no terceiro número da publicación da EME, MINERXÍA. Nesta ocasión, recolle información dos dous últimos cursos académicos. Nela recóllese información do desenvolvemento da vida académica do centro: temas relacionados con docencia, investigación, mobilidade, divulgación científica, cultura, deporte, formación académica extracurricular e igualdade. Tamén inclúe un apartado sobre a necesidade de profesionais dedicados ao mundo da enerxía e á xestión de recursos minerais para acadar unha sociedade aliñada cos obxectivos da Axenda 2030 e desta maneira garantir o acceso universal aos servizos dunha enerxía segura, sostible e moderna.

Este terceiro volume de MINERXÍA conta con 80 páxinas e preténdese publicar no mes de novembro.




Figura 17: Portada (esquerda) e benvida (centro e dta.) da publicación MINERXÍA vol. 3.

# 12 Accións de promocións das titulacións de Máster Universitario do centro

En relación ás actividades de promocións das titulacións de Máster Universitario do centro realizáronse as seguintes:

- 19 xullo de 2024. Sesión informativa sobre as titulacións de Máster Universitario do centro, dirixida a estudantado de 3º e 4º cursos dos graos do centro. Participaron as persoas coordinadoras das dúas titulacións de máster universitario da Escola (María Araújo e Elena Alonso)
- 21 de xullo de 2024. Sesión informativa ao estudantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (E. Alonso).

Ademais, no caso do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga, dado que o curso 2023/2024 foi o curso de implantación da titulación, elaboráronse os materiais específicos de promoción da titulación, en particular o folleto informativo.




Figura 18: Folleto informativo do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga

# 13 Valoración do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do curso 2023/2024

A modo de resumo preséntanse os principais datos en relación ás actividades de promoción da Escola.

Durante este curso 2023/2024, persoal da EME visitou 54 centros para impartir conferencias temáticas de divulgación científica, atendendo directamente a 2832 estudantes. A exposición itinerante estivo en 8 centros galegos.

Realizáronse 3 obradoiros de recoñecemento de minerais *de visu* (un total de 83 estudantes) e 6 nos IES que así o solicitaron (cun total de 200 asistentes). A EME organizou os obradoiros de recoñecemento de minerais de dúas das feiras de minerais máis importantes de Galicia: a de Santiago de Compostela e a de Guláns en Ponteareas (cun público asistente de 750 rapaces e rapazas).

14 centros realizaron algunha das actividades da Aula Aberta á TecnoCiencia (405 asistentes).

A través da organización do SIE (Servicio de Información ao estudantado) 25 IES pasaron pola EME para recibir información sobre os nosos graos cun total de 463 asistentes.

Nas Xornadas de Portas Abertas participaron 26 asistentes.

Cabe sinalar que a participación da EME no programa STEMBach mantense estable na EME.

Celebráronse os concursos:

- Contos para a EME 2023
- ENFOCA.RME 2022
- MULLE.RME 2024.

A presenza da EME nas redes sociais (*Facebook, Instagram, Twitter, Linkedin* e *YouTube*) foi axeitada e a través delas deuse visibilidade aos graos e as actividades desenvolvidas na Escola.

Cabe sinalar que o persoal da EME atendeu directamente a un total de 4759 estudantes de ESO e Bacharelato, sen contabilizar a atención en outras actividades nas que non é sinxelo recoller a información do alumnado atendido (feiras educativas e o resto de eventos que se recollen no informe e dos que se proporciona una estimación do número de persoas asistentes). En calquera caso a cifra de alumnado atendido directamente é moi relevante e mantívose respecto ao dato do curso anterior, motivo que xustifica unha boa valoración das actividades realizadas no marco do Plan de Promoción das titulacións do centro.

Cabe sinalar que, en canto a un dos obxectivos da implantación do plan, que é o incremento de captación de alumnado para as titulacións do centro, en base aos datos de matrícula de novo ingreso nos graos, os datos melloraron substancialmente no curso 2024/2025, o que se valora moi positivamente, aínda que se considera necesario continuar traballando de forma intensa nas accións de promoción das titulacións do centro.

# ANEXO I

Universidade Vigo Campus de Vigo Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme@uvigo.es

Vigo, 21 de setembro de 2023

Prezado/a amigo/a:

Son Raquel Pérez, subdirectora da **Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía**, e compráceme amosarlle as actividades que oferta a nosa Escola, totalmente gratuítas, que poden ser de interese para completar o contido das materias impartidas no seu centro:

**CHARLAS DIVULGATIVAS E MONOGRÁFICAS**

Pomos a súa disposición dous tipos de charlas: i) sobre os graos que se imparten no noso centro: **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos** e **Grao en Enxeñaría da Enerxía**, para amosar as competencias e saídas profesionais do noso alumnado, e ii) charlas monográficas centradas nun tema específico, algúns dos títulos son:

- Materiais intelixentes e outras aplicacións
- Física Re-Creativa: http://www.clickonphysics.es/
- Recursos minerais en Galicia/España
- Termografía infravermella
- Aspectos medioambientais na explotación de recursos
- Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
- Intelixencia Artificial: érase unha vez un mundo de datos
- Conservación do *street art*
- Tecnoloxía láser aplicada á conservación do Patrimonio construído
- ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?
- Minaría espacial
- Sustentabilidade na explotación de recursos mineiros.
- A chispa azul: a enerxía do mar.
- O cambio climático e o seu efecto en estruturas críticas
- A importancia das materias primas minerais na transición enerxética

Ademais destes títulos, se no seu instituto estiveran interesados nalgún tema en concreto, relacionado con **MATERIAIS, ENERXÍA** e **MEDIO AMBIENTE**, poderíamos preparar unha charla. O conferenciante desprazaríase ao seu centro nun horario acordado previamente. Duración: charla sobre os graos (20 minutos) e charla monográfica (45 minutos).

**ACTIVIDADES RELACIONADAS CON IGUALDADE**

No marco do compromiso do noso centro pola igualdade, tamén organizamos as seguintes actividades:

- Charla monográfica: A muller en enxeñaría. Charla de 45 minutos que pode ser impartida no seu centro ou na nosa Escola.
- Concurso **Contos_eme2023.** Trátase dun concurso de microrrelatos. Achégase cartel coas bases, e poden atopar máis información na nosa web, na ligazón: http://minaseenerxia.uvigo.es/es/institutos/divulgacion/concursos/contos_eme-2023/

Universidade Vigo Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

**OBRADOIRO DE RECOÑECEMENTO DE MINERAIS**
Unha das actividades máis demandadas é o **Obradoiro de Recoñecemento de Minerais.** Nesta actividade, ademais dun recoñecemento *de visu* dos principais minerais, facemos fincapé na presenza destes na nosa vida cotiá e nos procesos de extracción dos mesmos.
Duración: 2 horas.

**AULA ABERTA Á TECNOCIENCIA**
Un motivo para visitar a nosa Escola é a nova **Aula Aberta á TecnoCiencia**. Trátase dun espazo no cal desenvolvemos actividades manipulativas divididas en varios módulos: *Combustión, Xeotecnoloxías, Intelixencia Artificial, Termografía Infravermella, Física, Materiais, Enxeñaría química e Enxeñaría do terreo.* Nestas sesións o seu alumnado poderá adquirir coñecementos científicos e técnicos a través da práctica. **Achégase folleto informativo nesta carta.**
Duración dos obradoiros: 1 hora.

**EXPOSICIÓN ITINERANTE**
Ofrecemos a posibilidade de albergar no seu centro educativo unha exposición de carácter didáctico e itinerante sobre Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais, na que se describen os recursos enerxéticos e minerais dos que dispón Galicia e como é o seu aproveitamento actual. Consta de cinco *banners* con soporte autoportante de fácil montaxe.
Tempo de concesión: segundo as necesidades do seu centro.

**ACTIVIDADES DE PORTAS ABERTAS**
Finalmente, sería un pracer recibilos na data que ao seu centro lle viñera mellor, de maneira que o seu alumnado poida coñecer as nosas instalacións e asistir a unha serie de actividades relacionadas con **MATERIAIS, ENERXÍA e MEDIO AMBIENTE.** Consistiría nunha visita aos diferentes laboratorios da Escola na que os estudantes realizarán actividades vencelladas á enxeñaría de materias, termografía, explosivos e tecnoloxía enerxética.
Duración: 2 horas.

Por todo isto, se considera que algunha destas actividades pode resultar interesante para o seu alumnado, póñase en contacto connosco a través do e-mail (eme@uvigo.gal) ou teléfono (986 813 423 // 648 210 312). A duración indicada para cada actividade é estimada. Gustaríame indicarlle que ao longo do curso iranse deseñando novas actividades, que lle serán comunicadas. Tamén pode seguir as nosas actividades a través de *instragram* *#escuelaminasyenergiavigo*, na nosa páxina do *Facebook* *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía* ou na nosa *web*. *http://minasyenergia.uvigo.es/gl/*

Moitas grazas polo seu tempo e reciba un cordial saúdo.

Raquel Pérez Orozco
Subdirectora de divulgación científica e captación de alumnado
eme@uvigo.gal // Teléfono: 986 813 423 // 648 210 312

Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme@uvigo.es

Vigo, 21 de setembro de 2023

Prezado/a amigo/a:

Son Raquel Pérez, subdirectora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e compráceme invitarlle a participar nos concursos convocados por esta Escola para o presente curso académico 2023/2024 e que poden ser de interese para completar o contido das materias impartidas no seu centro.

- **ENFOCA.RME 2023:** Trátase dun concurso de fotografía e vai dirixido ao público en xeral. A data límite de envío de fotografías é o 17 de novembro do 2023. A entrega de premios será na primeira semana de decembro do 2023 na EME.
- **CONTOS_EME 2023.** Trátase dun concurso de microrrelatos encadrado no marco do compromiso pola igualdade da nosa Escola. Deberá ter unha extensión mínima de 200 palabras, máxima de 300 e estar escrito con letra Arial 11 e entreliñado de 1 liña. O prazo de presentación remata o 30 de outubro de 2023, ás 20h. A entrega de premios será na primeira semana de decembro do 2023 na EME.
- **MULLE.RME 2024:** Trátase dun concurso de fotografía cuxa temática se centra na visibilidade da muller nas actividades relacionadas coa profesión da enxeñaría de minas e enerxía, e vai dirixido ao público en xeral. A data límite de envío de fotografías é o 23 de febreiro do 2024. A entrega de premios terá lugar na xornada de celebración do día internacional da muller, na EME.
- **MAKETA.RME 2024:** Nesta ocasión os estudantes de 3º-4º ESO, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS poderán amosar os seus coñecementos en neumática, hidráulica ou robótica na construción dunha maqueta que se corresponda con maquinaria, cunha vivenda sostible ou cunha central de enerxía renovable como eólica, hidráulica, xeotérmica, etc. O concurso e entrega de premios celebraranse na EME en maio 2024. Os equipos interesados deberán enviar a folla de inscrición antes do 30 de marzo do 2024.

Achegámoslle carteis coas bases de cada un destes concursos. Así mesmo, ten toda a información na nosa web **http://minaseenerxia.uvigo.es/es/institutos/divulgacion/**

Finalmente, convidámoslle a seguir as nosas actividades a través de *instragram* *#escuelaminasyenergiavigo*, na nosa páxina do *Facebook* *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía* ou na nosa *web*: *http://minasyenergia.uvigo.es/gl/*

Moitas grazas polo seu tempo e reciba un cordial saúdo.

Raquel Pérez Orozco
Subdirectora de divulgación científica e captación de alumnado
eme@uvigo.gal // Teléfono: 986 813 423 // 648 210 312

Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minaseenerxia.uvigo.gal
eme@uvigo.es

Vigo, 4 de decembro de 2023

Estimado compañeiro/a:

Son Raquel Pérez, subdirectora de divulgación científica e captación de alumnado da **Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME)** da Universidade de Vigo.

Dende a Escola querémosvos desexar un feliz 2024. Por iso, enviámosvos o noso calendario, no que se visibilizan os ámbitos nos que desenvolven o seu traballo os nosos titulados a través das fotografías presentadas aos nosos concursos fotográficos.

Ademais queremos lembrarvos os concursos que temos abertos para o ano 2024, dos que achegamos as bases. Animámosvos a presentar os traballos do alumnado do voso centro:

**MAKETA_RME 2024:** Neste concurso os estudantes de 3º-4º ESO, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS poderán poñer a proba o seu enxeño e creatividade reforzando os seus coñecementos en pneumática, hidráulica, circuítos e automática, na construción dunha maqueta dunha instalación na que se manifeste a busca da eficiencia enerxética. Poderán presentar maquetas de vivendas, centrais e plantas de enerxías renovables, etc. Os equipos interesados poderán inscribirse ata o **30 de abril de 2024.**

**MULLE_RME 2024.** Concurso fotográfico o cal buscamos dar visibilidade á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso da enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. A data límite de envío de fotografías é o **23 de febreiro de 2024.**

Para calquera aclaración podedes remitir calquera dúbida ao enderezo: **eme@uvigo.es**

E podedes atopar máis información sobre estas actividades consultando a nosa páxina web: http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/concursos/.

Moitas grazas polo teu tempo e recibe un cordial saúdo.

**Raquel Pérez Orozco**
eme@uvigo.es // Teléfono: 986 81 34 23 // 648 210 312